

Dereitos de autor na EDUCACIÓN

Como actuar respecto aos dereitos de autor cos materiais educativos?

Es o creador do contido?

Se somos os autores do contido non debemos ter ningún problema

Queres compartir o teu recurso facilitando ao máximo a tarefa ás persoas que teñan interese en usalo?

Non
Neste caso, se non asignamos ningunha licenza ao noso traballo, por defecto terá asociado un "copyright" que obriga a que nos pidan permiso para a súa utilización. Todos os dereitos do recurso son nosos.

Si
Neste caso, deberemos asignar unha licenza Creative Commons ao noso contido. Deste xeito as persoas interesadas no seu uso saberán en que condicións poden facelo sen necesidade de pedirnos permiso.

| | |
|-------------|---|
| CC-BY | Permítese calquera explotación da obra, incluíndo unha finalidade comercial, así como a creación de obras derivadas, a distribución das cales tamén está permitida sen ningunha restrición. |
| CC-BY-NC | Permítese a xeración de obras derivadas sempre que non se faga un uso comercial. Tampouco se pode utilizar a obra orixinal con finalidades comerciais. |
| CC-BY-NC-SA | Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales débese facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal. |
| CC-BY-NC-ND | Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas. |
| CC-BY-SA | Permítese o uso comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales débese facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal. |
| CC-BY-ND | Permítese o uso comercial da obra pero non a xeración de obras derivadas. |
| CC0 | A obra non ten restricións de copyright coñecidas. É de dominio público. CC0 non debería ser utilizado para apreciar obras xa libres de restricións de copyright. |
| PD | A obra é patrimonio da humanidade: o autor cede todos os seus dereitos sen restricións. |

Non
Se non somos os autores do contido debemos ser máis prudentes

Embebemos o contido ou copiamolo e aloxámolo na nosa páxina?

Embebemos
Non se incorre en responsabilidades legais respecto os dereitos de autor pero corremos o risco de que o contido desapareza.

Copiamos
Que tipo de licenza ten?

Creative Commons
Ningún problema mentras cumpramos as condicións.

Sen licenza ou con Copyright

Contamos co permiso do autor (e no seu caso, da editorial ou produtora)?

Si
Co permiso do autor non teremos problema. Por suposto é obrigatorio facer referencia á fonte.

Non
Sen permiso do autor, como mínimo debemos nomear a autoría e indicar que se trata dun uso educativo e non lucrativo. Esta práctica non exime de responsabilidades.

